



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR O PROGRAMA "CORRESPONDENTES UNIVERSITARIOS/AS"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado (DXXPV) prevé formalizar coa Universidade de Vigo o convenio arriba referido por un período de vixencia desde a data da súa sinatura ata o final do curso académico 2022-2023, prorrogándose automaticamente por curso académico se non hai denuncia por ningunha das partes.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Á Consellería de Política Social e Xuventude, de conformidade co artigo 29 do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, correspóndelle a xestión das actuacións en materia de xuventude. No ámbito destas competencias e de acordo coa Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia, o principio de información é garantía e presuposto da participación da xuventude e de aí a necesidade de artellar mecanismos para que a información sobre os recursos, programas e iniciativas públicos destinados á mocidade chegue ao maior número de ámbitos posible, ocupando un lugar principal, o ámbito universitario. Para estes fins, as dúas institucións citadas deciden traballar xuntas para dotar os mozos e mozas universitarios da información necesaria para facilitarlles unha participación máis plena na sociedade. Existe pois un interese común entre a DXXPV e a Universidade de Vigo en achegar medios para a consecución dese obxectivo último de contar cunha poboación universitaria máis e mellor informada, colaborando na posta en marcha do programa Correspondentes Universitarios/as.

Esta colaboración non implica compromisos económicos para ningunha das dúas partes.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asino esta memoria na data da súa sinatura dixital.

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Cristina Pichel Toimil

